



**RESOLUCIÓN DO 11 DE OUTUBRO DE 2018 DO PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC) POLA QUE SE CONVOCA E SE APROBAN AS BASES DO PROCESO SELECTIVO, PARA ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN PARA A CONTRATACIÓN PERSOAL LABORAL FIXO, DOCENTE A TEMPO PARCIAL (MEDIA XORNADA)**

No punto Uno.6 da disposición adicional trixésima da lei 6/2018, de 3 de xullo, dos PGE para o ano 2018, do seguinte teor: "...ademais do previsto nos números anteriores, as Fundacións poderán dispor dunha taxa adicional para estabilización do emprego temporal que incluíra as prazas, dotadas orzamentariamente, que estiveran ocupadas de forma temporal e ininterrompida polo menos nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2017".

No punto Tres da disposición adicional trixésima de dita lei di que o disposto no apartado UNO ten carácter básico.

E dado que a praza de docente a tempo parcial (media xornada) para impartir o módulo de Empresa e Iniciativa Emprendedora (EIE) leva ocupada de forma temporal e ininterrompida, así como dotada orzamentariamente dende o 1 de setembro de 2014 polo que se compren todos os requisitos previstos na dita lei para levar a cabo a estabilización do emprego temporal.

En uso das funcións que me confiren os estatutos reitores da mesma, como Presidente da Fundación TIC, RESOLVO:

1º- Convocar o procedemento para a selección de persoal laboral fixo, mediante o sistema de concurso-oposición público para 1 praza de docente a tempo parcial (media xornada) Módulo: Empresa e Iniciativa Emprendedora (EIE)

2º- Aprobar as bases que rexerán a selección.

3º- Ordenar a súa publicación, no BOP, no taboleiro de anuncios da Fundación TIC e na páxina web [www.fundaciontic.org](http://www.fundaciontic.org)

Lugo, a 11 de outubro de 2018.- O SECRETARIO DO PADROADO, D. Francisco Javier Giménez Miralles.

## **BASES POLAS QUE SE ESTABLECEN AS NORMAS PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL FIXO, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN.**

### **1.- OBXECTO**

Estas bases teñen como finalidade a determinación do procedemento polo que se rexerá o proceso selectivo do persoal que prestará os seus servizos no posto que se sinala no Anexo II.

### **2.- SISTEMA DE SELECCIÓN E PRAZAS QUE SE CONVOCA**

O sistema de selección será mediante concurso-oposición libre para 1 praza ofertada.

### **3.- RELACIÓN XURÍDICA DOS TRABALLADORES COA FUNDACIÓN TIC**

Os traballadores estarán vinculados á Fundación TIC, mediante contrato laboral fixo. A relación laboral rexerá polo Real Decreto Legislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Ley do Estatuto dos Traballadores e polo VIII Convenio Colectivo Nacional de Centros de Ensinanza Privada de Réxime Xeral

### **4. REQUISITOS DOS CONCURSANTES**

Para concursar, as persoas aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos no derradeiro día do prazo de presentación de solicitudes.

Para poder participar no proceso selectivo os aspirantes deberán reunir o día que remate o prazo de presentación de solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data da súa contratación temporal, os seguintes requisitos:

- a) Ter nacionalidade española, ou ter nacionalidade doutro Estado sempre que se cumpran os requisitos do artigo 57.4 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, respecto do acceso ao emprego público de nacionais doutros estados.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas do posto ao que aspira. En consecuencia non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desenvolvemento das funcións do cargo, sen prexuízo de que sexan admitidas as persoas con minusvalías en igualdade de condicións que os demais aspirantes.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario no que houbese estado separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou

equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

- e) Posuír ou estar en condicións de obter o título académico esixido na base quinta. No caso de Titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

## 5.- REQUISITOS ESPECÍFICOS DOS ASPIRANTES.

Os aspirantes terán superado os estudos de:

Nº	DENOMINACIÓN:	TITULACIÓN	Requisitos específicos
1	DOCENTE- especialidade: Formación e Orientación Laboral. Módulo: Empresa e Iniciativa Emprendedora (EIE)	Diplomatura, Licenciatura ou Título de Grao correspondente as seguintes titulacións: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Ciencias Empresarias</li> <li>- Relaciones laborais.</li> <li>- Traballo social.</li> <li>- Educación Social.</li> <li>- Xestión e Administración Pública.</li> </ul>	Reunir os requisitos esixidos na Orde de 3 de xuño de 2011 pola que se desenvolve a normativa para o exercicio da docencia en centros privados nas ensinanzas de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional e se establece no procedemento de habilitación (DOG de 13 de xuño de 2011)

Nivel de Galego: Celga 3

## 6.- SOLICITUDES

### 6.1.- Forma

As persoas que desexen formar parte nas probas selectivas deberán presentar a solicitude, que figura como Anexo I destas Bases e que estará a disposición de todos os que queiran participar no proceso selectivo na páxina web [www.fundaciontic.org](http://www.fundaciontic.org), no taboleiro de anuncios da Fundación TIC, e no BOP, manifestando que reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos nestas.

A solicitude deberá ser debidamente cumprimentada e se acompañará a mesma cos documentos sinalados na base 6.6.

### 6.2.- Órgano a que se dirixe

As instancias correspondentes dirixiranse ao Presidente da Fundación para o Desenvolvemento das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (FUNDACIÓN TIC).

### 6.3.- Prazo de presentación

O prazo de presentación será de 8 días naturais contados a partir do seguinte ao de publicación no BOP. Se o prazo de finalización remata en sábado, domingo ou festivo, o último día de prazo se trasladará ao seguinte día hábil.

### 6.4.- Lugar de presentación

A presentación de solicitudes farase no Rexistro da FUNDACIÓN TIC situada na rúa Frei Plácido Rei Lemos, s/n – Lugo en horario de 9:00h a 14:00h, de luns a venres, ou a través das formas establecidas no artigo 38 da vixente Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento

Administrativo Común. As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos, deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de seren certificadas.

#### 6.5.- Erros nas solicitudes

Os erros de feito que puideran advertirse, poderán rectificarse en calquera momento, de oficio ou a petición do interesado.

Non obstante o sinalado, a presentación de instancias fora do prazo establecido non será emendable e supoñerá a exclusión do procedemento selectivo.

#### 6.6.- Documentación que deberá acompañar necesariamente á solicitude:

##### 6.6.1 Fotocopia compulsada do DNI ou documento equivalente.

Ademais, os aspirantes estranxeiros, deberán presentar documentos que acrediten que son nacionais da Unión Europea ou dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

6.6.2 Copia compulsada ou legalizada do título académico esixido. Caso de ter realizado os seus estudos fóra do estado español, a titulación académica deberá estar homologada polo Ministerio de Educación e Ciencia. Nos supostos que, de conformidade co Anexo III precisase experiencia profesional, deberá acreditarse feacemente a mesma, mediante a aportación da pertinente documentación acreditativa de devandito extremo: contrato de traballo e certificado de vida laboral.

c) Documentos acreditativos dos demais requisitos específicos esixidos, na forma que se indica no Anexo V. Deberase presentar unha relación numerada, datada e asinada dos documentos presentados seguindo a orde e o modelo que aparece no citado anexo.

#### 6.7. Con respecto á documentación a presentar deberá terse en conta:

6.7.1. Toda a documentación acreditativa dos méritos deberá entregarse dentro do prazo de presentación de solicitudes. Non se admitirá ningunha documentación adicional rematado dito prazo.

6.7.2. A non acreditación dos méritos alegados, non determinará a exclusión do aspirante ó concurso, pero impedirá o seu cómputo e valoración no baremo establecido.

6.7.3. Todos os requisitos deberán reunirse na data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

## 7. -ADMISIÓN DE ASPIRANTES

7.1. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, no prazo máximo de cinco días naturais publicarase a relación de persoas aspirantes admitidas e excluídas, que se fará pública no tabulario de anuncios da Fundación TIC, con mención expresa do nome, apelidos e documento nacional de identidade e, se for o caso, as causas de exclusión.



7.2. As persoas aspirantes excluídas disporán dun prazo de tres días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación da referida relación, para corrixiren o defecto que motivase a exclusión. Transcorrido o devandito prazo, o Presidente da Fundación TIC, aceptando o rexeitando as alegacións presentadas publicará a resolución declarando aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, que se publicará no taboleiro de anuncios da Fundación e na páxina web [www.fundaciontic.org](http://www.fundaciontic.org) coas listas definitivas de admitidos e excluídos.

#### 8.- COMISIÓN DE SELECCIÓN. ACTUACIÓN DA COMISIÓN DE SELECCIÓN

O nomeamento dos membros titulares e suplentes que constituirán a Comisión de Selección, realizarase por Resolución do Sr. Presidente da Fundación para o Desenvolvemento das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC).

A súa composición farase pública na resolución que aprobe as relacións definitivas de admitidos e excluídos.

##### 8.1.- Actuación da comisión de selección.

A Comisión de Selección estará constituída por cinco membros titulares, Presidente, Secretario e 3 Vogais e 5 suplentes. Entenderase que a Comisión de Selección queda validamente constituída cando asista a maioría absoluta dos membros, titulares ou suplentes, con presenza en todo caso do Presidente da Comisión e do Secretario. No acto de constitución da comisión estableceranse os criterios de avaliación dos méritos, dentro dos límites establecidos polo baremo sinalado no anexo III desta resolución. Os criterios faranse públicos no taboleiro da Fundación.

A partir da sesión de Constitución, a Comisión de Selección, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes con presenza, en todo caso, do Presidente e do Secretario .A Comisión resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes tódalas dúbidas e propostas que xurdan para aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultada para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a realización das probas, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde naquelas en todo o que non estea previsto nas Bases.

En caso de ausencia do Presidente titular e do Presidente suplente, actuará no seu lugar o vocal designado en primeira orde.

##### 8.2.- Publicación

A Resolución do Sr. Presidente da FUNDACIÓN TIC, publicarase no Taboleiro de Anuncios da Fundación TIC e na páxina [www.fundaciontic.org](http://www.fundaciontic.org) e conterá:

- a) A composición da Comisión de Selección
- b) A citación á Comisión de Selección para que se constituía.
- c) A citación aos aspirantes para a realización do primeiro exercicio de oposición, garantindo un prazo mínimo de 5 días dende a data de publicación á data do primeiro exercicio.





## **9. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.-**

Consistirá en dúas fases:

### **9.1.- FASE 1: Oposición.**

Os exercicios a realizar serán obrigatorios e terán carácter eliminatorio.

O Presidente da Comisión de Selección adoptará as medidas oportunas para que os exercicios escritos se corrixan sen coñecer a identidade dos aspirantes, sempre que sexa posible, garantíndose o anonimato. Quedarán automaticamente anulados os exames asinados, os que conteñan datos que identifiquen ao aspirante, ou sinais ou marcas que puidesen vulnerar o anonimato, así como aquel que resulte ilexible.

Para o cumprimento do establecido no artigo 28 do Decreto Lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia, nas probas selectivas terase que demostrar o coñecemento da lingua galega.

#### **9.1.1.-Desenvolvemento das probas**

Os aspirantes deberán presentarse para cada exercicio provistos de D.N.I. ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo da Comisión de Selección. Os opositores poderán ser requiridos pola Comisión, en calquera momento, coa finalidade de acreditar a súa personalidade.

Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único, quedando decaídos do seu dereito os opositores que non comparezan a realizalo, excepto casos de forza maior, debidamente xustificados e apreciados libremente pola Comisión de Selección.

#### **9.1.2.- Exercicios**

O procedemento de selección constará do seguinte exercicio:

Os contidos desta proba estarán referidos ao programa sinalado no Anexo IV.

O exercicio consistirá nun exame tipo test, con 60 preguntas sobre os temas de carácter xeral relacionado co apartado MATERIAS do programa (ANEXO IV)

O tempo máximo para a realización do primeiro exercicio será de 60 minutos, e puntuarase de 0 a 12 puntos sendo a puntuación mínima para acceder ó concurso de 6 puntos.

Cada pregunta contestada correctamente terá unha puntuación de 0,20 puntos, e cada pregunta contestada de forma incorrecta penalizarase con 0,10 puntos, non puntuándose as preguntas non contestadas.

As listas coas puntuacións obtidas no exercicio, indicando aquelas persoas consideradas aptas saíran publicadas no Taboleiro de Anuncios da Fundación TIC e na páxina [www.fundaciontic.org](http://www.fundaciontic.org)

A Comisión de Selección elaborará o exame tipo test tendo en conta o programa.

**PREGUNTAS DE RESERVA**



Incluiranse 5 preguntas de reserva por si se detectan problemas de formulación ou erratas.

Para superar o proceso selectivo será preciso obter unha puntuación mínima de 3 puntos na fase de oposición

9.2.- FASE 2: concurso de méritos. Segundo o baremo que figura no Anexo III

Terán que achegarse coa instancia de solicitude de participación no proceso selectivo a relación dos méritos que se aleguen pola mesma orde a que figuran expostos no Anexo V, así como os documentos xustificativos dos ditos méritos (orixinais ou copias compulsadas). Non se tomará en consideración, nin serán avaliados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos, no momento da presentación da instancia. Así mesmo, deberá achegarse coa solicitude o documento que acredite a titulación esixida.

A puntuación máxima na fase de concurso- oposición para selección de persoal será de 8,00 puntos.

9.3.- A puntuación final no concurso-oposición será o resultado da suma da puntuación obtida na fase de concurso e na fase de oposición.

9.4.- En caso de empate na puntuación final será establecida por orde de maior puntuación total na fase de oposición

## **10.- PROPOSTA DA COMISIÓN E RESOLUCIÓN DO CONCURSO- OPOSICIÓN**

10.1. Finalizada a actuación da Comisión, esta fará publica a súa proposta no taboleiro de anuncios e o presidente da Fundación, ditará a resolución definitiva do concurso-oposición.

10.2. A resolución farase pública nos taboleiros de anuncios da Fundación e na web da Fundación ([www.fundaciontic.org](http://www.fundaciontic.org))

## **11. CONTRATACIÓN E INCORPORACIÓN**

11.1. A persoa candidata á que se lle adxudicou a praza deberá presentarse nun prazo de dous días, a partir da publicación da resolución definitiva, na sede da Fundación para a formalización do nomeamento ou contrato.

11.2. O candidato incorporarase á súa función ó día seguinte ó da formalización do nomeamento ou contrato perante a dirección do centro, que dará conta da incorporación ao Presidente da Fundación.

11.3. No suposto de que a persoa candidata, renunciara á praza ou non chegase a incorporarse no prazo sinalado, o Presidente da Fundación procederá a asignar a praza



ao seguinte concursante segundo a orde de puntuación que figure na proposta, se existir, ou deixará deserta a praza.

## **12. SINATURA DOS CONTRATOS E EFECTOS DESTES**

12.1. No prazo fixado para a sinatura dos contratos, os candidatos propostos deberán presentar documento médico acreditativo de non padecer doenza ou discapacidade física ou psíquica que lle impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo.

12.2. Os candidatos propostos que non presenten a documentación no prazo e forma indicados anteriormente, decaerán nos dereitos que para eles se deriven da presente convocatoria. O mesmo efecto se producirá cando a documentación presentada non garde correspondencia co declarado na instancia.

## **13.- OUTROS**

Tanto a normativa pola que se rexe este concurso, como os modelos de instancias, atópanse a disposición dos concursantes nas oficinas da Fundación.

Lugo, 16 de outubro de 2018

O PRESIDENTE DA FUNDACIÓN

Asdo.: Darío Campos Conde



## ANEXO I

### SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NAS PROBAS SELECTIVAS PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL FIXO, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO- OPOSICIÓN LIBRE, PARA DOCENTE A TEMPO PARCIAL (MEDIA XORNADA)

#### I.- DATOS DA PRAZA

DENOMINACIÓN: \_\_\_\_\_

#### II. DATOS PERSOAIS

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME
D.N.I.	TELÉFONO PARTICULAR: MÓBIL:	
DOMICILIO PARA OS EFECTOS NOTIFICACIÓNS	MUNICIPIO E PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL

#### EXPOÑO :

1º.- Que reúno todos e cada uno dos requisitos esixidos na convocatoria, en concreto os seguintes:

- Ter nacionalidade española, comunitaria ou asimilada.
- Ser maior de idade.
- Estar en posesión do título de \_\_\_\_\_ esixido nas bases específicas que rexen a convocatoria ou en condicións de obtelo na data na que termine o prazo de presentación de instancias.
- Posuír a capacidade física e psíquica necesaria para o exercicio das correspondentes funcións.
- Non estar inhabilitado nin suspendido para o exercicio de funcións públicas e non ter sido separado do servizo dunha Administración Pública.

2º.- Que me comprometo no caso de obter a praza e dentro do prazo sinalado nas bases da convocatoria, a presentar os documentos relacionados nas mesmas e a firmar o contrato no prazo establecido, así como cumprir os demais requisitos esixidos nas bases da convocatoria, en particular os que sinala a Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

#### SOLICITO:

Ser admitido á convocatoria citada, a fin de participar nas probas de selección correspondente.

Lugo, a.....de.....de 2018  
( Asinado)

De conformidade coa Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal (LOPD), informámoslle que os datos de carácter persoal que se solicitan na presente instancia serán incorporados a un ficheiro inscrito na Axencia Española de Protección de Datos, do cal é responsable a FUNDACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN, e serán tratados para xestionar os procesos de selección da institución. Vostede ten a posibilidade de exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei dirixíndose ao Servizo de Rexistro da FUNDACIÓN TIC, Rúa Frei Plácido Rei Lemos, s/n, en Lugo.

SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN.

## ANEXO II

<b>Nºprazas</b>	<b>DENOMINACIÓN:</b>	<b>TITULACIÓN</b>	<b>Requisitos específicos</b>
<b>1. Tempo parcial (media xornada)</b>	DOCENTE- Especialidade: Formación e Orientación Laboral- Módulo: Empresa e Iniciativa Emprendedora (EIE)	Diplomatura, Licenciatura ou Título de Grao correspondente as seguintes titulacións: - Ciencias Empresarias - Relaciones laborais. - Traballo social. - Educación Social. - Xestión e Administración Pública.	Reunir os requisitos esixidos na Orde de 3 de xuño de 2011 pola que se desenvolve a normativa para o exercicio da docencia en centros privados nas ensinanzas de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria, bacharelato e formación profesional e se establece no procedemento de habilitación (DOG de 13 de xuño de 2011)

Convenio Colectivo de Aplicación: VIII Convenio Nacional de Centros de Enseñanza privada de Régimen General.

### ANEXO III

#### **BAREMO PARA A CONTRATACIÓN DE DOCENTE (máximo 8 puntos)**

##### **1. EXPERIENCIA PROFESIONAL (máximo 4 puntos)**

2.1 Por cada ano de exercicio profesional en escolas oficiais pertencentes á sector audiovisual: 0,30 por ano. (Máximo 3 puntos)

2.2 Por cada ano de exercicio profesional no módulo de Empresa e Iniciativa Emprendedora (EIE) na fundación TIC: 0,20 puntos por ano (Máximo 1 punto)

Documentación acreditativa:

Certificación de servizos, nomeamento con data de toma de posesión e cese e/ou contrato de traballo. Vida Laboral

##### **2. ACTIVIDADES DE FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO ( máximo 4 puntos)**

3.1 Por participación en cursos e actividades de formación relacionadas co posto ó que se pretende acceder: máximo 3 puntos.

Nº de horas sen certificar	0,10 puntos
Entre 0 e 20 horas	0,20 puntos
Entre 21 e 50 horas	0,40 puntos
Entre 51 e 100 horas	0,60 puntos
Entre 101 e 200 horas	0,75 puntos
Entre 200 e 300 horas	1,00 puntos
Entre 300 e 400 horas	1,50 puntos
Máis de 400 horas	2,00 puntos

Nas certificacións expresadas en créditos a equivalencia será: 1 crédito = 0,10 puntos

3.2 Coñecemento da lingua galega: curso de perfeccionamento ou Celga 4: 0,25 puntos. Celga 5: 0,25 puntos (máximo de 0,5 punto).

3.3 Coñecemento doutras linguas: 0.25 puntos por cada unha.(máximo de 0,50 puntos)

Por cada Certificado expedido polas Escolas Oficiais de Idiomas dependentes das

Administracións Educativa:	nivel C2: 0.25 puntos
	nivel C1: 0.15 puntos
	nivel B2: 0.10 puntos
	nivel B1: 0.05 puntos

Documentación acreditativa:

Certificación na que se especifique o número de horas de formación.

Certificación orixinal das titulacións e estudos alegados.



## ANEXO IV

### **PROGRAMA DAS PROBAS SELECTIVAS PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL FIXO, MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN, PARA DOCENTE E EMPRESA E INICIATIVA EMPRENDEDORA.**

#### **MATERIAS**

TEMA 1: A Constitución Española de 1978. Principios Xerais.

TEMA 2: A Deputación Provincial de Lugo. Organización desta. Organización do persoal ao servizo das Corporacións Locais. Dereitos e deberes do persoal laboral da Deputación de Lugo.

TEMA 3: Principios de actuación da Administración Pública: eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación. A calidade dos servizos públicos.

TEMA 4: Lei 50/2002, de 26 de decembro, de Fundacións. Real Decreto 1337/2005, de 11 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de competencia estatal. Lei 12/2006, de 1 de decembro, de fundacións de interese galego. Decreto 14/2009, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Fundacións de Interese Galego.

TEMA 5: Iniciativa emprendedora: Innovación e desenvolvemento económico. Principais características da innovación nas actividades das empresas. Factores clave dos emprendedores: iniciativa, creatividade e formación. A cultura emprendedora na Unión Europea, en España e en Galicia.

TEMA 6: O empresario: Requisitos para o exercicio da actividade empresarial. A idea de negocio no ámbito do audiovisual e dos espectáculos. A actuación dos emprendedores como empresarios no sector audiovisual e do espectáculo.

TEMA 7: A empresa e a súa contorna: A empresa como sistema. Análise da contorna xeral dunha pequena e mediana empresa relacionada co audiovisual e os espectáculos. Relacións dunha pequena e mediana empresa do sector audiovisual coa súa contorna. Relacións dunha pequena e mediana empresa do sector audiovisual e do espectáculo co conxunto da sociedade.

TEMA 8: Creación e posta en marcha dunha empresa: Tipos de Empresas. A empresa como sistema. Análise da contorna xeral e específica dunha pequena e mediana empresa. Localización da empresa. Cultura empresarial, comunicación e imaxe corporativas. Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de mercadotecnia.

TEMA 9: A fiscalidade nas empresas. Elección da forma xurídica. Trámites administrativos para a constitución dunha empresa. Responsabilidade legal do empresario. Obrigas fiscais das empresas. Vías de asesoramento para a elaboración dun proxecto empresarial e para a posta en marcha da empresa.

TEMA 10: Plan financeiro: Viabilidade económica e viabilidade financeira dunha pequena e mediana empresa relacionada co audiovisual e os espectáculos. Trámites administrativos e xestión de axudas e subvencións. Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena e dunha mediana empresa no sector audiovisual e de espectáculos.

TEMA 11: Función administrativa: Concepto de contabilidade e nocións básicas. Análise da información contable. Equilibrio da estrutura financeira e razóns financeiras de solvencia, liquidez e rendibilidade da empresa. Xestión administrativa dunha empresa do sector audiovisual e dos espectáculos. Ciclo de xestión administrativa nunha empresa. Documentos administrativos e documentos de pagamento. Elaboración da documentación administrativo-financieira e formalización da mesma mediante procesos informáticos.



**ANEXO V**  
**INSTANCIA DE SOLICITUDE**  
**Convocatoria Persoal FIXO 2018- DOCENTE (EIE)**  
**DATOS DA PRAZA OBXECTO DE CONCURSO**

Código	Praza	Data da convocatoria

**1. DATOS PERSOAIS**

<b>Primeiro apelido</b>	<b>Segundo apelido</b>	<b>Nome</b>
<b>Data de nacemento</b>	<b>Lugar de nacemento</b>	<b>D.N.I.</b>
<b>Domicilio</b>	<b>Teléfono</b>	<b>Correo electrónico</b>
<b>Concello</b>	<b>Código postal</b>	<b>Provincia</b>

**2. DATOS ACADÉMICOS**

Título	Centro de expedición	Data de expedición

**3. DOCUMENTACION QUE SE ACHEGA**

<b>Copia D.N.I.</b>		<b>Título compulsado</b>		<b>Relación documentos (ANEXO V )</b>	
---------------------	--	--------------------------	--	---	--

O abaixo asinante, D/D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, Solicita ser admitido ó concurso oposición libre para cubrir a praza indicada e declara que son certos todos e cada un dos datos consignados na solicitude e no currículo, así como que reúne as condicións esixidas na convocatoria para a provisión da praza.

En Lugo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2018

**SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PARA EL DESARROLLO DE LAS TECNOLOGIAS DE LA INFORMACIÓN Y LA COMUNICACIÓN. LUGO.**





### ANEXOV

#### RELACIÓN DE DOCUMENTOS-

#### DATOS PERSOAIS

Primeiro apelido	Segundo apelido	Nome

#### EXPERIENCIA PROFESIONAL

1	
2	
3	
4	
5	

#### OUTRAS ACTIVIDADES DE FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO.

1	
2	
3	
4	
5	

O abaixo asinante, D/D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, entrega a documentación que se relaciona para que conste na solicitude do concurso de méritos.

En Lugo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2018